



BASES DE PARTICIPACIÓN NA FEIRA SADA COMERCIO - MARZO 2023

1. CAL É O OBXECTO DESTA PROPOSTA?

O obxecto destas bases reguladoras é o de establecer as condicións de participación na Feira Sada Comercio, que se organiza para promover o comercio local e o consumo de proximidade no Concello de Sada. As bases regularán o procedemento de inscrición e de solicitude de autorización para ocupar un posto de venda nesta edición da Feira.

Sada Comercio organizarase no interior dunha carpa que se instalará na praza do edificio modernista La Terraza, por tratarse dun espazo público, céntrico, amplo e accesible. Na carpa instalaranse ata un máximo de 20 postos: 19 deles destinados ao comercio polo miúdo, con venda de mercadorías por parte de comercios de Sada; 1 posto destinado á hostalaría local, coa finalidade de ofrecer un servizo de bar ás persoas usuarias da Feira.

Para completar a oferta de servizos da Feira, a Concellería de Comercio poderá contratar un servizo de ludoteca ou servizos de interpretación artística, para facer máis amena a estancia das persoas usuarias e potenciar unha maior participación pública.

Sada Comercio celebrarase os días 4 e 5 de marzo de 2023.

2. QUE NORMATIVA REGULA A CONVOCATORIA?

- Ordenanza municipal núm. 16 reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público, industrias da rúa e ambulantes e rodaxes cinematográficas.
- Lei 13/2010, de 17 de decembro, de comercio interior de Galicia (art. 21 Mesa local do comercio; art.94 Feiras de oportunidades)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. CALES SON AS DESTINATARIAS DESTA PROPOSTA?

3.1. COMERCIO DE PROXIMIDADE – POSTOS DE VENTA:

A Feira de oportunidades Sada Comercio 2023 vai dirixido ao conxunto do sector do comercio do Concello de Sada, independentemente do seu ámbito de venda, para cumprir co obxecto e finalidade da proposta. Poderá solicitar un dos 19 postos dispoñibles calquera establecemento comercial con sede social no Concello de Sada.

O prazo de solicitude iniciará ás 00:00h do día seguinte ao da publicación destas bases na páxina web municipal (www.sada.gal) e rematará o 26 de febreiro de 2023.

3.2. HOSTALARÍA DE PROXIMIDADE - SERVIZO DE BAR:

A Feira de oportunidades Sada Comercio 2023 tamén se dirixe ao conxunto do sector da hostalaría do Concello de Sada: reservarase un dos postos dispoñibles na carpa para ofrecer un servizo de bar. Esta proposta vai dirixida ao conxunto do sector da hostalaría do Concello de Sada e ten como intención cumprir co obxecto e finalidade da proposta expresada no punto 1 das bases reguladoras.

Con esta oferta pretendemos conseguir que o espazo da feira sexa máis cómodo e acolledor, así como completar a mensaxe de promoción do comercio de proximidade incluíndo tamén á hostalaría local.



O prazo de solicitude para o posto do servizo de bar iniciará ás 00:00h do día seguinte ao da publicación destas bases na páxina web municipal (www.sada.gal) e rematará o 26 de febreiro de 2023.

4. COMO INSCRIBIR A UN ESTABLECEMENTO E DE QUE PRAZO DISPOÑO?

Para inscribirse haberá que facer o seguinte:

- Os comercios interesados deberán presentar no Rexistro Municipal (sede.sada.gal) o ANEXO I, coa documentación que se sinala.
- Os establecementos de hostalaría interesados no servizo de bar deberán presentar no Rexistro Municipal o ANEXO II, coa documentación correspondente.
- Se algunha solicitude estivese incompleta, a persoa interesada será requirida para emendala, concedéndolle un prazo máximo de 2 días para facelo. No caso de non completala no prazo límite establecido, entenderase que se desiste da solicitude de participación.

A forma de presentación das inscricións poderá realizarse de forma telemática ou ben presencial, segundo establece o artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- No caso das persoas xurídicas (empresas, entidades...), a presentación da inscrición **deberá ser telemática** a través do Rexistro Electrónico Municipal (sede.sada.gal).
- As persoas físicas (autónomas/os) poderán optar por presentar as inscricións tamén de xeito telemático (sede.sada.gal) ou ben, se o prefiren, de xeito presencial na oficina do Rexistro Municipal (horario de 9:00 a 14:00h).

5. COMO VAI SER O PROCESO DE SELECCIÓN?

5.1. COMERCIO DE PROXIMIDADE – POSTOS DE VENTA:

A Concellería de Comercio seleccionará os comercios participantes na Feira de oportunidades Sada Comercio 2023 seguindo os seguintes pasos:

- INICIO: A Concellería de Comercio tramitará as solicitudes e revisará que cumpran coas condicións de participación do evento.
- CONCESIÓN DIRECTA: No caso de que o número de solicitudes non supere o número de postos ofertados (19), a Concellería propondrá todas as solicitudes correctas para ocupar os postos dispoñibles.
- SELECCIÓN PREVIA: No caso de recibir un número de solicitudes maior que os postos ofertados, a Concellería de Comercio aplicará os criterios de selección da base número 6 para establecer unha orde de prelación entre as solicitudes. As 19 inscricións que resulten mellor valoradas serán as que se propoñan para ocupar os postos de establecementos participantes na Feira de oportunidades Sada Comercio 2023. A lista de comercios seleccionados publicarase na web www.sada.gal e cada un deles recibirá unha notificación por medio de correo electrónico e mediante mensaxe enviada ao seu teléfono de contacto.
- REXITAMENTOS: No caso de que algún dos comercios seleccionados rexeite o seu posto ou non poida asistir, outorgarase a concesión ao seguinte establecemento na orde de prelación.



5.2. HOSTALARÍA DE PROXIMIDADE – SERVIZO DE BAR:

A Concellería de Comercio seleccionará o servizo de bar da Feira de oportunidades Sada Comercio 2023 seguindo os seguintes pasos:

- **INICIO:** A Concellería de Comercio tramitará as solicitudes do sector hostaleiro e revisará que cumpran coas condicións de participación do evento.
- **CONCESIÓN DIRECTA:** No caso de que o número de solicitudes non supere o número de postos ofertados (1), a Concellería propondrá a solicitude correcta para ocupar os postos dispoñibles.
- **SELECCIÓN PREVIA:** No caso de recibir un número de solicitudes maior que os postos ofertados, a Concellería de Comercio aplicará os criterios de selección da base número 6 para establecer unha orde de prelación entre as solicitudes. A inscrición que resulte mellor valorada será a que se propoña para ocupar o posto do servizo de bar da Feira de oportunidades Sada Comercio 2023. A proposta seleccionada publicárase na web www.sada.gal e recibirá unha notificación por medio de correo electrónico e mediante mensaxe enviada ao seu teléfono de contacto.
- **REXEITAMENTOS:** No caso de que o establecemento hostaleiro seleccionado rexeite o seu posto ou non poida asistir, outorgarase a concesión ao seguinte establecemento na orde de prelación.
- **TAXAS E PRAZO DE LIQUIDACIÓN:** O establecemento seleccionado terá que pagar as taxas de ocupación establecidas na Ordenanza Municipal núm. 16, *reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público, industrias da rúa e ambulantes e rodaxes cinematográficas*.

O servizo de bar disporá dun posto dunhas medidas aproximadas de 3 x 3 m., xunto cunha pequena terraza interior no centro da carpa da feira Sada Comercio. A esta superficie de ocupación corresponde a taxa mínima, de 30€ por día. Polo tanto, o establecemento hostaleiro seleccionado deberá liquidar un total de 60€ correspondentes ao importe da taxa polos 2 días de ocupación do posto.

O prazo de pago abrirase dende o momento da notificación da concesión do posto ata o día 2 de marzo de 2023.

A persoa representante do establecemento seleccionado poderá liquidar a taxa a través da Oficina Virtual Tributaria (<https://ovtsada.dacoruna.gal/ga/>), ben realizando o pago de forma telemática ou ben imprimindo o documento de liquidación para presentalo nunha oficina bancaria. En caso de necesidade, as persoas interesadas poderán acudir aos Servizos Económicos Municipais para recibir axuda co pago.

Se o establecemento seleccionado non realiza o pagamento da taxa antes do prazo establecido (2 de marzo) entenderase que renuncia á concesión e ofrecerase o posto ao seguinte establecemento na orde de prelación.

POSTOS VACANTES: Se quedasen postos vacantes despois de realizar todo o proceso de selección e concesión, a Concellería de Comercio poderá:

- Ofertalos a aqueles comercios que marcasen na súa inscrición o seu desexo de dispoñer de 2 postos (coa súa liquidación correspondente).
- Destinar os postos vacantes a entidades do terceiro sector para realizar campañas de concienciación a favor de cuestións de interese xeral.



PARTICIPACIÓN MÍNIMA E MÁXIMA: a organización da Feira de oportunidades Sada Comercio 2023 está condicionada á obtención dun mínimo de 10 participantes. No caso de ter menos de 10 solicitudes correctas, considerarase que a proposta non tivo a repercusión e aceptación mínima como para facela sostible e desistírase da convocatoria, notificando a decisión ás persoas interesadas.

6. COMO SE PUNTUARÁ AOS ESTABLECEMENTOS QUE SE INSCRIBAN?

Unicamente no caso de que sexa necesario realizar unha comparación entre as solicitudes recibidas, a Concellería de Comercio requirirá ás persoas interesadas para que presenten a documentación necesaria, como poden ser: certificados de situación censual, certificados de produción, carné de artesá/n, informe de persoas traballadoras en alta (Seguridade Social).

6.1. COMERCIO DE PROXIMIDADE – POSTOS DE VENTA:

En relación coa finalidade de promover o comercio de proximidade propónse o seguinte criterio:

Menor distancia da sede social do establecemento ao centro urbano municipal (máximo 10 puntos):	
0 – 5 kms	10 puntos
5,01 – 10 kms	8 puntos
10,01 – 15 kms	6 puntos
> 15 kms	4 puntos

En relación coa finalidade de promover o comercio de produtos de proximidade propónse o seguinte criterio:

Produtor/a local ou comercio de produtos locais (máximo 10 puntos)	
Produtor con carné de artesá/n e sede social no Concello de Sada	10 puntos
Comerciante de produtos con certificado de produción dentro da área xeográfica da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e con sede social no Concello de Sada	8 puntos
Comerciante de produtos con certificado de produción dentro da área xeográfica da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e con sede social noutro concello	6 puntos
Produtor con carné de artesá/n e sede social noutros concellos	4 puntos

Se tras aplicar os criterios anteriores mantense un empate entre varias solicitudes, determinarase a orde de prelación entre elas mediante un sorteo.

6.2. HOSTALARÍA DE PROXIMIDADE – SERVIZO DE BAR:

En relación coa finalidade de promover a hostalaría de proximidade propónse o seguinte criterio:

Menor distancia da sede social do establecemento ao centro urbano municipal (máximo 10 puntos):	
0 – 5 kms	10 puntos
5,01 – 10 kms	8 puntos
10,01 – 15 kms	6 puntos
> 15 kms	4 puntos



En relación co interese social e a calidade do seu emprego (inspirado nos criterios de desempate que establece o artigo 147.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público :

Número de persoas con discapacidade empregadas (máximo 10 puntos)	
Por cada persoa con discapacidade empregada no establecemento a tempo completo	2 puntos
Por cada persoa con discapacidade empregada no establecemento a tempo parcial	1 punto
Por cada persoa empregada no establecemento a tempo completo	0,5 puntos
Por cada persoa empregada no establecemento a tempo parcial	0,25 puntos

Se tras aplicar os criterios anteriores mantense un empate entre varias solicitudes, determinarase a orde de prelación entre elas mediante un sorteo.

7. CANDO PODO MONTAR O POSTO E CALES SON OS HORARIOS?

- **DATAS:** A Feira de oportunidades Sada Comercio celebrarase os días 4 e 5 de marzo.
- **MONTAXE:** O horario de montaxe dos postos iniciará a partir das 20:00h do venres 3 de marzo. As persoas encargadas das tarefas de montaxe poderán achegar un vehículo á carpa, exclusivamente para descargar material, debendo deixar libre o espazo en canto remate a descarga.
- **DISTRIBUCIÓN:** Os postos de venda terán unhas medidas de 3 x 3 m. Estarán distribuídos no interior dunha gran carpa que se instalará na praza do edificio La Terraza. A distribución dos postos dependerá de criterios de xestión de espazo e de organización do certame. Cada posto disporá dunha banda rotulada co nome do comercio correspondente.
- **HORARIOS DE VENDA AO PÚBLICO:** serán diferentes cada día de actividade:

SÁBADO 4 MARZO	DOMINGO 5 MARZO
11:00 – 22:00 h	10:00 – 20:00 h

A participación nesta feira supón a aceptación das súas bases e, polo tanto, o compromiso de manter aberto o servizo de venda na totalidade do horario sinalado. O incumprimento desta condición de xeito inxustificable suporá a aplicación de penalizacións en vindeiras edicións.

- **VIXILANCIA DE SEGURIDADE:** a Concellería de Comercio contratará un servizo de vixilancia privada para velar pola seguridade dos produtos e materiais nos postos de venda:

SERVIZO VIXILANCIA PRIVADA OUTLET SADA COMERCIO 2023	
NOITE DO VENRES	NOITE DO SÁBADO
Venres 22:00 – Sábado 11:00	Sábado 22:00 – Domingo 10:00

Pola contra, a organización non se fará responsable dos produtos e materiais dos postos de venda durante o horario de apertura.



8. COMO SE VAN DISTRIBUÍR OS POSTOS?

A asignación dos espazos correrá a cargo da Concellería de Comercio.

Establecerase unha zona de acceso e outra de saída amplas e sen barreiras.

Os postos destinados á venda distribuiranse de forma ordenada polos laterais e os cabeceiros da carpa.

A zona central acollerá o posto destinado ao servizo de bar e disporá dunha pequena área de terraza, equipada con mesas e cadeiras para uso común do público asistente.

A proposta de distribución dos postos comunicárase aos comercios e establecementos participantes antes do inicio do período de montaxe. Esta distribución poderá ser modificada pola Concellería de Comercio atendendo a motivos de interese xeral e criterios organizativos.

9. QUE SERVIZOS INCLÚE O OUTLET SADA COMERCIO 2023

- Instalación cuberta, no interior dunha carpa de 35 x 20 m.
- Postos comerciais de aproximadamente 3 x 3 m. con cuberta e lonas de peche. Cada posto terá unha banda rotulada co nome de cada establecemento participante.
- Cada posto equipará un punto de enchufe e iluminación por medio de focos LED. Cada participante poderá completar a instalación eléctrica e de iluminación aportando material propio.
- Mesas e cadeiras (serán distribuídos proporcionalmente segundo as solicitudes recibidas).
- Servizo de vixilancia nocturna.
- Fío musical
- Programación de concertos musicais na tarde do sábado e no mediodía do domingo.

10. QUE TRATAMENTO RECIBIRÁN OS MEUS DATOS PERSOAIS?

Os datos persoais das persoas que atúen como representantes dos comercios e establecementos de hostalaría participantes trataranse unicamente coa finalidade de realizar a xestión da súa solicitude de participación e a liquidación do importe das taxas que corresponda.

A duración do tratamento dos datos será a necesaria para o desenvolvemento e xestión desta convocatoria. Serán destruídos no prazo máximo dun mes dende a finalización da feira, salvo que sigan sendo necesarios para algunha xestión de interese público ou por razóns de arquivo.

Os datos serán incorporados ao sistema de tratamento do Concello de Sada e, segundo as condicións reguladas legalmente, vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión (dereito ao esquecemento), portabilidade, oposición e limitación do tratamento. Os datos non serán obxecto de decisións automatizadas nin serán compartidos con terceiras entidades (salvo no caso da xestión fiscal coa AEAT), nos termos que se establecen na lexislación vixente en materia de protección de datos.

Para realizar consultas relacionadas coa xestión dos datos, as persoas interesadas poden dirixir a súa petición ao enderezo postal Av. da Mariña 25, 15160 Sada (A Coruña) ou ben facelo a través do enderezo electrónico dpd@sada.gal.

11. A QUE ME COMPROMETO COA MIÑA PARTICIPACIÓN?

As persoas e establecementos, a través da súa participación dan conformidade e aceptan o contido das presentes bases na súa totalidade. A organización terá a facultade de dar por finalizada a participación de calquera comercio que incumpra de xeito flagrante as condicións que establecen estas bases, ou ben que co seu comportamento poña en perigo a seguridade das instalacións e das persoas usuarias.



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

O órgano competente para a ordenación e instrución desta convocatoria será a Concellería de Comercio, mentres que a resolución do procedemento derivado das presentes bases será a Alcaldía.

Sada, na data da sinatura dixital
O Concelleiro de Cultura, Comercio e Turismo,

José Luís Tellado Villares